



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01502 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 1c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Figueroa Dorrego, Jorge Juan | | | |
| Profesorado | Figueroa Dorrego, Jorge Juan | | | |
| Correo-e | jdorrego@uvigo.es | | | |
| Web | http://fatic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Estudo da novela escrita en inglés por mulleres británicas durante os séculos XVIII e XIX. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| B2 | Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz. |
| B5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| B6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| B7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |

| | |
|------|---|
| B9 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos. |
| B11 | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva. |
| C157 | Sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira mediante o estudo dun certo número de autoras/es e textos provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C158 | Describir e analizar os trazos, temas, estilos e símbolos que se utilicen nos textos literarios que sexan obxectivo de estudo, relacionando estas características co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos. |
| C159 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos máis apropiados, e expresando oralmente e por escrito esa reflexión crítica. |
| C160 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actividades de tolerancia e valores democráticos. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---------------------------------------|---|------------------------------|
| Realización de actividades que supoñan comprender e identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais, e culturais da literatura en lingua inglesa. | A1 A2 A3 A4 A5 | B1 B2 B5 B6 B7 B9 B11 | C157 C158 C159 C160 |
| Descrición e análise de textos literarios, atendendo a aspectos formais e temáticos, sintentizando ideas e relacionando uns textos con outros e co contexto no que se inscribe a produción e recepción dos mesmos. | A2 | B6 B11 | C157 C158 |
| Preparación de presentacións orais, traballos escritos, exames e outras probas que expoñan a reflexión crítica do alumnado, e a súa capacidade para constuir argumentos sólidos, seguir convencións académicas, empregar evidencias e facer uso dos recursos máis apropiados. | A2 A4 | B7 B9 B11 | C158 C159 C160 |
| Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e amosando actitudes de tolerancia e valores democráticos. | A2 A4 | B6 B7 B11 | C159 C160 |

Contidos

| Tema | |
|--|--|
| 1. Introduction: the early woman writer and the novel. | 1.1. Constructing women throughout history. 1.2. Prose fiction and early women writers. |
| 2. The protest tradition and the seduction theme. | 2.1. Delarivier Manley's <i>New Atalantis</i> (1709). 2.2. Eliza Haywood's <i>Fantomina</i> (1725). 2.3. Mary Wollstonecraft's <i>Maria, or The Wrongs of Woman</i> (1798). |
| 3. The Gothic and the tradition of escape. | 3.1. Ann Radcliffe's <i>The Romance of the Forest</i> (1791) and <i>The Mysteries of Udolpho</i> (1794). 3.2. Mary Shelley's <i>Frankenstein</i> (1818). |
| 4. The didactic tradition: reforming and socialising heroines. | 4.1. Mary Davy's <i>The Reform'd Coquet</i> (1724). 4.2. Charlotte Lennox's <i>The Female Quixote</i> (1752). 4.3. Frances Burney's <i>Evelina</i> (1778). 4.4. Jane Austen's <i>Northanger Abbey</i> (1818). |
| 5. Victorian women novelists: passion, subversion, and social comment. | 5.1. The Victorian period and novel. 5.2. Emily Brontë's <i>Wuthering Heights</i> (1847). 5.3. Charlotte Brontë's <i>Jane Eyre</i> (1847). 5.4. George Eliot. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Lección maxistral | 24 | 12 | 36 |
| Seminario | 24 | 48 | 72 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 24 | 26 |
| Traballo | 0 | 14 | 14 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|----------------------------|--|
| | Descrición |
| Actividades introdutorias | Explicación introdutoria dos obxectivos, contidos, materiais docentes, metodoloxía e avaliación relativos a esta materia. |
| Lección maxistral | Presentación teórica dos contidos desta materia. |
| Seminario | Análise e comentario de textos. Intercambio de ideas sobre dita análise, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, e amosando actitudes de tolerancia tal como se expón nas competencias da materia. |

| Atención personalizada | |
|---------------------------------------|---|
| Probas | Descrición |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | O profesor atenderá personalizadamente ao alumnado cara á preparación dos traballos e do exame a realizar nesta materia, durante o horario de titorías ao efecto. |
| Traballo | O profesor atenderá personalizadamente ao alumnado cara á preparación dos traballos e do exame a realizar nesta materia, durante o horario de titorías ao efecto. |

| Avaliación | | | | | |
|---------------------------------------|--|---------------|---------------------------------------|---|------------------------------|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Seminario | Análise e comentario de textos. Intercambio de ideas sobre dita análise, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, e amosando actitudes de tolerancia tal como se expón nas competencias da materia. Availarase a participación activa na aula e nos foros de Faitic en xeral. | 20 | A1 A2 A3 A4 A5 | B1 B2 B5 B6 B7 B11 | C157 C158 C159 C160 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame escrito sobre os contidos da materia, con preguntas de desenvolvemento e comentario de textos. | 40 | A1 A2 A3 A4 A5 | B1 B2 B5 B6 B7 B11 | C157 C158 C159 C160 |
| Traballo | Dous traballos escritos nos que se constrúan argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, e empregando evidencias textuais, contextuais e críticas que corroboren ditos razoamentos. | 40 | A1 A2 A3 A4 A5 | B1 B2 B5 B6 B7 B9 B11 | C157 C158 C159 C160 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Avaliación continua.

O alumnado terá que entregar dous traballos escritos durante o cuadrimestre e facer un exame escrito final. O profesor informará do tipo de traballos e das datas de entrega ao comezo do cuadrimestre. A data do exame escrito será a data establecida no calendario oficial de exames que será publicado polo Decanato.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa claridade e corrección lingüística.

Avaliación única

O antedito sistema de avaliación está deseñado para o alumnado que asista regularmente ás clases. Aquelas persoas que, excepcionalmente e por algunha causa xustificada, non poidan asistir con regularidade ás sesións presenciais, deberán comunicarllo ao profesor da materia ao principio do cuadrimestre. Este alumnado deberá facer os traballos e o exame como o resto do alumnado, por un valor de 80% da nota final. O 20% restante da nota corresponderá a unha proba oral con preguntas sobre os textos de lectura obrigatoria. A data destas probas será a establecida no calendario oficial de exames. Os traballos poden entregarse nesta mesma data.

Segunda edición de actas (xullo)

Para a segunda edición de actas, o alumnado que faga avaliación continua ou única e que non aprobe algunha das partes nas que se divide a avaliación poderá volver a intentalo nas datas establecidas ao efecto, podendo conservar as outras

notas. Para o alumnado que non teña ningunha nota de avaliación continua, o sistema será semellante ao de avaliación única especificado arriba (traballos, exame escrito e oral). As probas serán o día e hora que marque o calendario oficial de exames.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Austen, Jane, **Northanger Abbey**, Norton, 2004

Brontë, Charlotte, **Jane Eyre**, Norton, 1987

Haywood, Eliza, **Fantomina and Other Works**, Broadview Press, 2004

Shelley, Mary, **Frankenstein**, Norton, 1996

Bibliografía Complementaria

Ballaster, Ros, **Seductive Forms. Women's Amatory Fiction from 1684 to 1740**, Clarendon Press, 1995

Copeland, Edward & Juliet McCaster (eds), **The Cambridge Companion to Jane Austen**, 2nd ed., Cambridge U.P., 2011

Figes, Eva, **Sex and Subterfuge: Women Writers to 1850**, Pandora, 1982

Gilbert, S.M. & S. Gubar, **The Madwoman in the Attic. The Woman Writer and the Nineteenth-Century Literary Imagination.**, 2nd ed., Yale U.P., 2000

Hogle, Jerrold ed, **The Cambridge Companion to Gothic Fiction**, Cambridge U.P., 2002

Marsh, Nicholas, **Jane Austen: The Novels**, Macmillan, 1998

Punter, David & G. Byron, **The Gothic**, Blackwell, 2004

Spencer, Jane, **The Rise of the Woman Novelist. From Aphra Behn to Jane Austen**, Oxford, 1986

Showalter, Eleine, **A Literature of Their Own: From Charlotte Brontë to Doris Lessing**, 2nd ed., Virago, 2009

Todd, Janet, **The Sign of Angellica: Women, Writing, and Fiction**, Columbia U.P., 1989

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

Outros comentarios

Recoméndase encarecidamente a participación activa nas aulas, particularmente nas clases prácticas onde se traballa o comentario de textos e se debaten interpretacións baseadas na análise detallada das lecturas obrigatorias. Tamén se aconsella participar nos foros de debate abertos na plataforma FAITIC.

O alumnado debe consultar os materiais e anuncios feitos en FAITIC, e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Recoméndase tamén non recorrer ao plaxio total ou parcial nos traballos escritos, xa que iso suporá a anulación da nota obtida nos mesmos.

É recomendable tamén facer uso dos recursos da biblioteca universitaria para a preparación dos traballos e dos exames.